

O Sporting Celanova remata este fin de semana diante o Covadonga a temporada coa necesidade de gañar e ter que esperar os resultados de outros campos para saber en que competición estará ubicado de cara a próxima tempada. Para estar libre de toda posibilidade de descenso necesitará gañar o seu partido en Covadonga e esperar que a Peroxa perda na súa visita a Melias ou o Taboadela na casa co Velle. Todo o que non sea isto significará ter que esperar os resultados do Villalonga na terceira división para ver o número total de arrastres que hai nas outras categorías relacionadas coa zona sur de Galicia e a partir de ahí os ascensos nas posibles promocións tanto de terceira como de preferente.

---